

DNI	Apelidos	Nome	Centros de estudos	Importe do premio
47383145V	López Eiroa	Alexandre	IES Paseo das Pontes (A Coruña)	732 €
79340227W	Gómez González	Víctor	IES Isaac Díaz Pardo (Sada - A Coruña)	732 €
33555339H	Castedo de la Fuente	Marcos	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes (Lugo)	732 €
33547285Z	Soilán Rodríguez	Mario	IES Ánxel Fole (Lugo)	732 €
33560759X	Sánchez Pena	Alejandro	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes (Lugo)	732 €
44485577N	Viso Vidal	David	IES As Lagoas (Ourense)	732 €
44655616N	González Martínez	María	IES As Lagoas (Ourense)	732 €
33551328D	Veres Gesto	Antía	IES Santiago Basanta Silva (Vilalba - Lugo)	732 €
45905859K	García Vega	Luis	CPR Manuel Peleteiro (Santiago de Compostela - A Coruña)	732 €

Os/as gañadores/as deberán enviar, no prazo de dez días, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 2, 1º andar, 15781, Santiago de Compostela, a certificación da titularidade dunha conta bancaria con 20 dítos na cal se ingresará mediante transferencia bancaria a dotación do premio.

*Orde do 15 de setembro de 2008 pola que se convocan axudas ao alumnado que inicie durante o curso 2008-2009 ensinanzas de formación profesional de grao medio en familias profesionais non vocacionais demandadas polo mercado laboral.*

O artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia asígnalle á comunidade autónoma a competencia plena na regulación e na administración da ensinanza en toda a súa extensión, os seus niveis e graos, as súas modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias e sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que o desenvolven.

O Decreto 585/2005, do 29 de decembro, en harmonía co disposto no artigo 31 do Estatuto de autonomía para Galicia, establece que lle corresponden a esta consellería as competencias e funcións en materias de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

Nas conclusións do Consello Europeo de Lisboa de 2000 defínese a aprendizaxe permanente como toda actividade de aprendizaxe útil realizada de xeito continuo con obxecto de mellorar as cualificacións, os coñecementos e as aptitudes. Esta definición desenvólvese posteriormente no *Memorandum* sobre a aprendizaxe permanente.

O Memorandum pretende, entre as súas finalidades, lograr niveis xerais de educación e cualificación máis altos en todos os sectores, garantir que se ofrezca educación e formación de alta calidade e, ao mesmo tempo, asegurar que os coñecementos e as capacidades dos cidadáns se axusten ás transformacións dos requisitos laborais, á organización dos lugares de traballo e aos métodos de traballo.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación pro-

fesional, cualificacións e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través de diversas modalidades formativas. A oferta de formación sostida con fondos públicos ha favorecer a formación ao longo de toda a vida, acomodándose ás distintas expectativas e situacións persoais e profesionais.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no artigo 39.2º que a formación profesional no sistema educativo, ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

O Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, no seu artigo 2 indica que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar aos alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que poden producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal, ao exercicio da cidadanía democrática e á aprendizaxe permanente.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

**DISPÓN:**

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Convócanse axudas destinadas ao alumnado que inicia no curso académico 2008-2009, algún ciclo formativo de grao medio ou módulo experimental nos centros que se indican no anexo I.

Artigo 2º.-*Requisitos.*

1. Estar matriculado por primeira vez no curso 2008-2009 nalgún ciclo formativo de grao medio ou

módulo experimental dos que se especifican no anexo I e nos centros que neste se indican, e seguir a avaliación continua polo menos no 70 por cento dos módulos do ciclo durante o curso 2008-2009.

2. Queda excluído destas axudas o alumnado que curse o segundo ano do ciclo formativo ou módulo experimental e o alumnado repetidor, así como quen estea matriculado en oferta modular.

Artigo 3º.-*Contía das axudas.*

1. As axudas serán concedidas con cargo ao concepto orzamentario 09.03.422M.480.1 por un importe total máximo de 150.000 euros.

2. Para a concesión das axudas procederase ao rateo entre os beneficiarios da subvención do importe global máximo destinado á axuda. A contía individual non poderá exceder de 450 euros por persoa beneficiaria.

3. A percepción destas axudas é compatible coa doutras de carácter xeral con cargo a fondos públicos.

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. O alumnado que reúna os requisitos para participar nesta convocatoria presentará a seguinte documentación no centro onde vaia realizar os estudos de formación profesional, sen prexuízo de poder acudir a calquera dos rexistros do artigo 38.4º da Lei 30/1992:

a) Solicitude de axuda segundo o modelo que se recolle no anexo II desta orde.

b) Fotocopia do DNI.

c) Xustificante bancario no que consten os datos da entidade e o código da conta na que o beneficiario desexa que se lle faga efectivo o pagamento. Nesta conta, o beneficiario debe figurar necesariamente entre os titulares.

d) Anexo III desta orde, relativo á declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, para esta mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes, para o curso 2008-2009, e declaración responsable de que cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario de acordo co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-*Prazo e lugar de presentación de solicitudes.*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último

día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes. As solicitudes dirixiranse á secretaría do centro onde o alumnado vaia cursar os estudos de formación profesional.

2. As secretarías dos centros enviarán a documentación, nos cinco días naturais seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes, á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais (edificio administrativo San Caetano, 15781, Santiago de Compostela).

3. O alumnado que, excepcionalmente, se matricule con posterioridade ao prazo sinalado disporá de cinco días naturais, contados a partir da data de matriculación no ciclo, para presentar a solicitude na secretaría do centro. En todo caso, a data límite de presentación de solicitudes será o 31 de outubro. Nos cinco días naturais posteriores a esta data, o centro educativo remitirá a documentación deste alumnado á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

Artigo 6º.-*Adxudicación das axudas.*

Vistas as solicitudes presentadas e o crédito dispoñible, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais elaborará a proposta de adxudicación das subvencións e enviaralla á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá o que proceda.

O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de seis meses, contados desde a finalización de presentación das solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución, lexitima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Artigo 7º.-*Comunicación e publicación das axudas.*

A concesión ou a denegación da axuda será publicada no *Diario Oficial de Galicia*. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

*Artigo 8º.-Pagamento das axudas.*

1. Nos quince días naturais seguintes ao da publicación da resolución de concesión das axudas no *Diario Oficial de Galicia*, as persoas beneficiarias deberán presentar no centro educativo o anexo IV desta orde asinado polo alumno beneficiario da axuda, relativo á aceptación previa da subvención concedida así como o compromiso de cumprir os requisitos exixidos na convocatoria.

2. Ao remate do prazo sinalado, o centro educativo remitirá á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais os citados anexos xunto con unha certificación do director conforme o alumnado do centro que figura como beneficiario da axuda segue a avaliación continua polo menos no 70 por cento dos módulos, durante o curso 2008/2009.

3. As axudas efectuaranse nun só pagamento, a través de conta ou cartilla de aforro abertas a nome da persoa beneficiaria.

*Artigo 9º.-Obrigas dos beneficiarios.*

1. O beneficiario está obrigado ao reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, segundo o establecido no artigo 33.1º b) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. O beneficiario está obrigado a facilitar toda información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control que lles correspondan, segundo establece o artigo 14.1º k) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-A presentación de solicitude de axuda comportará autorización á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para:

a) Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o

ano 2006, os solicitantes deberán consentir expresamente á Administración concedente a incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no citado decreto, os datos relevantes referidos ás axudas recibidas.

A reserva que o petionario poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicación dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que expresar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

b) Publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web, de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co disposto no artigo 15.2º c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Segunda.-O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro pola persoa beneficiaria, segundo o disposto nos artigos 17.4º e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para desenvolver o disposto nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2008.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

*ANEXO I*

Familia profesional	Código do ciclo	Ciclo formativo	Código do centro	Centro
Actividades agrarias	CM01001	Traballos forestais e conservación do medio natural	15027733	IES de Arzúa
			36019751	IES de Tomiño
Actividades agrarias	CM01003	Explotacións agrarias extensivas	15013254	CFEA de Sergude
			27015891	IES da Terra Chá, José Trapero Pardo

Familia profesional	Código do ciclo	Ciclo formativo	Código do centro	Centro
Actividades agrarias	CM01004	Explotacións agrícolas intensivas	15001033	CFEA de Guísamo
			36007552	CIFP A Granxa
Actividades físicas e deportivas	CM02001	Condución de actividades físico-deportivas no medio natural	36020350	IES Pintor Colmeiro
Artes gráficas	CM05002	Impresión en artes gráficas	15021469	IES Leixa
			36006419	IES Fogar Prov. Príncipe Felipe
Comunicación, imaxe e son	CM07001	Laboratorio de imaxe	15010812	IES Virxe do Mar
Edificación e obra civil	M218008	Cubrición de edificios: lousas	32016467	IES Sección de Sobradelo-Carballeda
Electricidade e electrónica	CM09001	Equipos electrónicos de consumo	15026698	IES Espiñeira
			15026731	IES Campo de San Alberto
			15032583	CIFP de Fene
			36002359	IES Antón Losada Diéguez
			36019232	IES Monte da Vila
			36019529	IES Ribeira do Louro
			15003224	IES Fernando Blanco
Electricidade e electrónica	CM09002	Equipos e instalacións electrotécnicas	15026376	IES Punta Candieira
			27016315	IES de Becerreá
			32015876	IES Xermán Ancochea Quevedo
			32016625	IES de Celanova
			15002591	IES Monte Neme
			27012036	IES Gregorio Fernández
			27016455	IES Sanxillao
Hostalaría e turismo	CM11003	Servizos de restaurante e bar	27020562	IES de Foz
			32016285	IES de Vilamarín
			36013448	IES Manuel Antonio
Hostalaría e turismo	CM11003	Servizos de restaurante e bar	36020064	CIFP Carlos Oroza
			27020562	IES de Foz
Hostalaría e turismo	CMHOT01	Cociña e gastronomía	27020562	IES de Foz
Industrias alimentarias	CM13002	Elaboración de viños e outras bebidas	36007552	CIFP A Granxa
Industrias alimentarias	CMINA01	Panadaría, repostaría e confeitaría	15025682	IES Fraga do Eume
			32016285	IES de Vilamarín
			36020064	CIFP Carlos Oroza
Informática	CM14001	Explotación de sistemas informáticos	15022620	IES de Curtis
			27016248	IES de Monterroso
			32016637	IES Cosme López Rodríguez
			36019402	IES Pazo da Mercé
Madeira e moble	CM15001	Fabricación á medida e instalación de carpintería e moble	15008817	IES de Melide
			15020544	IES de Ortigueira
			36002359	IES Antón Losada Diéguez
Mantemento de vehículos autopulsados	CM16001	Carrozaría	27013636	IES María Sarmiento
			27020793	CIFP Porta da Auga
			15021767	IES Castro da Uz
Mantemento de vehículos autopulsados	CM16002	Electromecánica de vehículos	15022620	IES de Curtis
			27020793	CIFP Porta da Auga
			32013582	IES García-Barbón
			32015037	IES Manuel Chamoso Lamas
			32015475	IES Abrente
			36002359	IES Antón Losada Diéguez
			32013582	IES García-Barbón
Mantemento e servizos á produción	CM17002	Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas	32013582	IES García-Barbón
Téxtil, confección e pel	CM21001	Confección	15027897	IES Paseo das Pontes
			36013448	IES Manuel Antonio



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*ANEXO II*

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS AO ALUMNADO QUE INICIE NO CURSO 2008-2009 ENSINANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO MEDIO, EN FAMILIAS PROFESIONAIS NON VOCACIONAIS DEMANDADAS POLO MERCADO LABORAL.</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED512A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS PERSOAIS DA/DO SOLICITANTE**

APELIDOS <input type="text"/>		NOME <input type="text"/>		NIF <input type="text"/>
ENDEREZO <input type="text"/>			PROVINCIA <input type="text"/>	
CONCELLO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>	

**ESTUDOS QUE REALIZA E AXUDA QUE SOLICITA**

CÓDIGO DO CICLO FORMATIVO <input type="text"/>	DENOMINACIÓN DO CICLO FORMATIVO <input type="text"/>	CENTRO EDUCATIVO <input type="text"/>
ENDEREZO DO CENTRO (RÚA E NÚMERO) <input type="text"/>		PROVINCIA <input type="text"/>
CONCELLO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>

**DATOS BANCARIOS E CÓDIGO DA CONTA DO ALUMNO**

ENTIDADE <input type="text"/>	OFICINA <input type="text"/>	DÍXITOS DE CONTROL <input type="text"/>	NÚMERO DE CONTA <input type="text"/>	O solicitante deberá ser necesariamente titular ou cotitular da conta.
----------------------------------	---------------------------------	--	---	--

**CERTIFICACIÓN DO CENTRO EDUCATIVO**

D/Dª  director/inspector do centro

certifico: que o/a alumno/a

está matriculado/a no curso 2008/2009 por primeira vez no primeiro ano do ciclo medio de

e que os datos que figuran neste impreso foron cotexados cos documentos correspondentes. Así mesmo, o alumno reúne todos os requisitos establecidos nesta orde anual de convocatoria.

O director

Selo

Quen abaixo asina DECLARA QUE: presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 15 de setembro de 2008 pola que se convocan axudas ao alumnado que inicie durante o curso 2008-2009 ensinanzas de formación profesional de grao medio en familias profesionais non vocacionais demandadas polo mercado laboral.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE  Lugar e data _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/>
REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	DATA DE ENTRADA ____/____/____
	DATA DE EFECTOS ____/____/____
	DATA DE SAÍDA ____/____/____

*ANEXO III*

D/Dna. \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_ e DNI nº \_\_\_\_\_ tendo presentado unha solicitude de axudas ao abeiro da Orde do \_\_\_\_\_ pola que se convocan axudas a alumnos e alumnas que vaian comezar durante o curso 2008-2009 ensinanzas de formación profesional específica de grao medio, en familias profesionais non vocacionais demandadas polo mercado laboral.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE CUMPRO OS REQUISITOS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO E:

Que solicitei ou obtiven as seguintes axudas de calquera Administración ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades en relación co proxecto obxecto desta solicitude.

	ORGANISMO	DATA SOLICITUDE/ RESOLUCIÓN	DISPOSICIÓN REGULADORA
AXUDAS SOLICITADAS			
AXUDAS CONCEDIDAS			

Que non solicitei ningunha axuda para a realización de estudos de formación profesional de grao medio.

E para que así conste, asino esta declaración no lugar e data indicados.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2008.

Asdo.:

*ANEXO IV*

D/Dna \_\_\_\_\_, alumno/a do centro educativo \_\_\_\_\_, con NIF nº \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_, localidade \_\_\_\_\_, código postal \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_, concello \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

MANIFESTA:

Que, no caso da concesión, acepta a subvención concedida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ao abeiro da orde anual de convocatoria de axudas ao alumnado que inicie durante o curso 2008-2009 ensinanzas de formación profesional de grao medio, en familias non vocacionais demandadas polo mercado laboral e comprométese a cumprir todos os requisitos que nela se especifican, así como a seguir a avaliación continua polo menos no 70 por cento dos módulos do ciclo formativo durante o curso 2008-2009.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2008.

Asdo.: